

P DE PAPÁ

Texto de ISABEL MARTINS

Ilustracións de BERNARDO CARVALHO

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 13 €

MENCIÓN ESPECIAL PREMIO NACIONAL DE ILUSTRACIÓN 2006 (PORTUGAL)
MENCIÓN ESPECIAL LIBROS MELLOR DESEÑADOS DO MUNDO (ALEMAÑA)

P de papá (galego)

ISBN 978-84-8464-690-7. Demademora.

P de papá (castelán)

ISBN 978-84-96388-17-8. Obras de autor. Primeros lectores.

P de papa (catalán)

ISBN 978-84-16804-69-6. Obres d'autor. Primers lectors.

Papá abrigo

papá avión


papá colgadoiro

papá cuidador...

Un pai é quen de transformarse nas cousas máis increíbles: tractor, colchón, espertador, guindastre... Un libro que se achega á relación de complicidade entre pai e fillo, e que invita a ambos os dous a descubrirse xuntos e a estreitar os lazos da súa relación familiar ao paso de cada páxina.

Texto e imaxe, perfectamente trenzados, tecen un xogo de afectos e de afinidades entre adulto e neno. Dende o punto de vista artístico, o libro aposta por unha *poética da suxestión*, animando o lector a descubrir o sentido de cada escena, con deseños esquemáticos, sinxelos e parcos en cores, nos que a letra se integra na ilustración.

“P de papá” foi galardoado en 2008 cunha Mención de Honra no Premio aos Libros Mellor Diseñados do Mundo, promovido pola Book Art Foundation.



- **Temática:** a relación paterno-filial.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** texto sinxelo, xogos de metáforas; relación perfecta texto-imaxe; protección da infancia, familia, sentimentos; poética da suxestión; da autora de “[Ovelliña dáme la](#)” e “[Grazas](#)”; do ilustrador de “[Grazas](#)”.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/p-de-papa-g>

Isabel Minhós Martins

(Lisboa, 1974)

Estudou Deseño de Comunicación na Facultade de Belas Artes de Lisboa. Traballou nunha axencia de comunicación pedagóxica realizando proxectos educativos. É unha das fundadoras de Planeta Tangerina, que comezou sendo un estudio de servizos educativos e converteuse en editorial, onde publicou varios libros como autora. Foi finalista do I Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado pola obra “Ovelliña, dáme la” (KALANDRAKA). Tamén foi nominada en 2010 aos Premios de Autor da SPA/RTP e, nese mesmo ano, unha das súas obras foi seleccionada polo Banco do Libro de Venezuela. Os seus textos publicáronse en varios países de Europa, América e Asia.

www.planetatangerina.com/pt

Bernardo Carvalho

(Lisboa, 1973)

Estudou na Facultade de Belas Artes de Lisboa. É un dos fundadores da editorial Planeta Tangerina. Foi distinguido en 2009 pola Fundación CJ de Cultura de Corea. Ese mesmo ano gañou o Premio Nacional de Ilustración en Portugal. En 2011 outra das súas obras foi seleccionada polo Banco do Libro de Venezuela.

www.planetatangerina.com/pt

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com